



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 2 DE MARZO DE 2020

Alcalde-Presidente:

D. Carlos Ladra Brage

Concelleiros/as;

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D^a. Diana M^a. Rodríguez Fernández(Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (Gr. BNG)

D^a. Paula González Grueiro (Gr. BNG)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Manuel González López (Gr. Popular)

D. Javier Fernández Brage (Gr. Popular)

D^a.M^a. José Bouza Varela (Gr. Popular)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (En Marea-Gr.Mixto)

Secretaria-Interventora accidental:

D^a. Susana Fernández Muiño

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as catorce horas do día 2 de marzo de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, dona Susana Fernández Muiño, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

O Sr. Alclade, Ladra Brage, xustifica a urxencia da sesión, como xa se comentou na Comisión Informativa, para axilizar os trámites por parte dos traballadores do Concello.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, pregunta se alguén ten algo que engadir, non habendo intervencións ao respecto.

A continuación a Presidencia somete a votación a urxencia da sesión, resultando 11 votos a favor dos representantes Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e Grupo Mixto, sendo aprobada a urxencia por unanimidade.

2. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores: sesión ordinaria do Pleno, de data 27 de novembro de 2019, e sesións extraordinarias urxentes do Pleno, de datas 18 e 28 de decembro de 2019.

O Sr. Alcalde dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que informa que o segundo punto da Orde do Día trata da aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores; concretamente a acta da sesión ordinaria do Pleno, de data 27 de novembro de 2019, e actas da sesións extraordinarias urxentes do Pleno, de datas 18 e 28 de decembro de 2019, e que ditas actas foron enviadas coa notificación da convocatoria do presente Pleno.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, pregunta se alguén ten algo que engadir, non habendo intervencións ao respecto.

A continuación a Presidencia somete a votación a aprobación das actas da sesión ordinaria do Pleno, de data 27 de novembro de 2019, e actas de sesións extraordinarias urxentes do Pleno, de datas 18 e 28 de decembro de 2019, resultando 11 votos a favor dos representantes Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e Grupo Mixto, sendo aprobadas ditas actas por unanimidade.

3. Solicitude Programa financiamento Servizos Sociais Comunitarios municipais 2020, da Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental, que informa que o terceiro punto da Orde do Día trata da solicitude do Concello e Cabanas do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais para o exercicio 2020 da Deputación Provincial da Coruña; subscribe que coa notificación da convocatoria do presente pleno remitíronse as Bases do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais para o ano 2020, da Deputación Provincial da Coruña; extracto da convocatoria da subvención e proposta de acordo da Alcaldía de solicitude de adhesión ao Programa, na que se establecen os módulos financiados por ditas bases, así como a solicitude do Concello a dito Programa.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular non se van a opoñer a esta proposta, posto que consideran que é clave para o Concello, pero manifesta que discrepan con respecto ao reparto, entendendo que é un criterio de cada goberno.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións, sen que existan intervencións ao respecto.

A continuación a Presidencia somete a votación a proposta, resultando 6 votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), ningún voto en contra, e cinco abstencións, dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de EM (Grupo Mixto), resultando aprobada a proposta.

A continuación a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos, da cal estendo a presente acta, a cal se une como Anexo a gravación sonora, e do que eu como Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e prace.
O Alcalde

A Secretaria accidental,

